

Bases que rexerán a provisión en calidade de bolseiro, da praza de saxofonista na Banda Ferrolá de Música

1-Obxecto das bases:

A cobertura da praza de saxofonista en calidade de bolseiro.

A adscrición a unha categoría concreta (alto, tenor ou barítono) realizarase con posterioridade á proba práctica e previa proposta polo director da Banda, en virtude do nivel do seleccionado.

De conformidade coas retribucións e dependendo da categoría concreta de adscrición, estas oscilarán entre 222,50 € a 254,00 € mensuais.

2.-Presentación de instancias

O prazo de presentación de instancias será do 5 ao 8 de xullo de 2013 no Rexistro Xeral do Concello de Ferrol. De luns a venres en horario de 9 a 14 horas e os sábados de 9 a 13 horas.

Os aspirantes deberán presentar instancia de participación dirixida ao Concello de Ferrol. Negociado de Cultura.

A relación dos aspirantes admitidos publicaranse, cunha antelación mínima **dun día** á realización da proba de selección, na páxina web e no Taboleiro de anuncios deste Concello.

3.-Probas de selección

As probas de selección terán lugar no Teatro Jofre o próximo 11/07/2013 ás 16:00 horas.

A orde de chamada dos aspirantes realizarase en función da orde de presentación da instancia no rexistro xeral de entrada do Concello de Ferrol.

As probas de selección terán unha duración aproximada de 30 minutos e consistirán en:

1ª proba: interpretación dunha obra de libre elección polo aspirante.

2ª proba: interpretación dun fragmento dunha obra “a vista” previamente seleccionada polos membros do tribunal. O aspirante disporá de 5 minutos para a preparación desta interpretación.

4.- Tribunal

O tribunal estará composto por 3 membros, actuando todos con voz e con voto:

Presidente: Manuel-Reyes García Hurtado (concelleiro de cultura do Concello de Ferrol)

Vogal: Gabriel López Rodríguez (profesor do Conservatorio Profesional de A Coruña)

Secretario: Narciso Pillo Guerreiro (director da Banda Ferrolá de Música)

5.- Publicidade

A convocatoria da provisión da praza á que se refiren estas bases será publicada nos diarios de maior tirada da cidade.

As bases serán publicadas na páxina web do Concello e no taboleiro de anuncios.

Ferrol, 2 xullo de 2013

O concelleiro delegado de Cultura e Universidade,

Manuel-Reyes García Hurtado